



Concello de Cangas

INSTALACIÓN DE QUIOSCOS DE VERÁN CON SERVIZOS DE TEMPADA NO DOMINIO PÚBLICO 2018 (QUIOSCOS DE PRAIAS CONCELLO DE CANGAS)

O Concello de Cangas lémbrale a tódolos veciños/as que desexen solicitala instalación de servizos de tempada, sobre terreos calificados como **dominio público marítimo-terrestre**, que deberán presentala petición no **Rexistro de entrada do Concello, ata o día 2 de marzo do ano 2018**, de acordo coa seguinte documentación:

1º.- Solicitude en modelo de instancia na que se deberá achegar:

- a) **Fotocopia compulsada do DNI** ou CIF do solicitante. Cande se trate dunha persoa xurídica, o seu representante deberá acreditar a súa identidade e a representación coa que actúa.
- b) **Proposta da zona a ocupar**, indicando os metros cadrados (con un máximo de 20m² para instalacións pechadas e un máximo de 50 m² para terrazas) como, no seu caso, terrazas ou colocación de mesas e cadeiras; tendo en conta que distanciarase, como mínimo 100m, de calquera outra instalación de servizo de tempada.
- c) **Plano de ubicación en cartografía oficial, a escala 1/1000**, no que se represente a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre e **a ocupación exacta da actividade**.
- d) **Memoria descriptiva e gráfica das instalacións desmontables** con expresión das súas características e uso previsto. Servizos de abastecemento, saneamento e electricidade, etc.
- e) **Fotografías do predio**, onde se pretende efectuar a instalación.
- f) Xustificación documental da retirada do quiosco na tempada anterior, no seu caso.
- g) Depósito de fianza (25 €/m²), para responder dos danos e prexuízos ao dominio público, constituído na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación de Facenda (impreso 060).

2º.- **Previa instalación, deberáse xustificarse o pago do canón de ocupación correspondente.**

3º.- Non se admitirá a trámite ningunha solicitude que non cumpra tódolos requisitos e non se atope ao día coa facenda local por tódolos conceptos.

4º.- A instalación practicada sen a preceptiva autorización e pagamento da totalidade das taxas correspondentes, será para o/a infractor/a motivo dunha sanción do 150% sobre as cantidades a pagar, con independencia doutras accións legais que se lle poidan aplicar.

5º.- Se tivo permiso de instalación o ano anterior, terase en conta a retirada da instalación dentro do prazo establecido.

6º.- A instalación será polo prazo que vai do **15 de maio ao 30 de setembro de 2018**.

7º.- A autorización poderá ser revogada en calquera momento, sen dereito a indemnización, cando as circunstancias de interese xeral así o aconsellaran.

8º.- Finalizada a actividade, a instalación deberá levantarse no prazo de 15 días.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

9º.- Queda prohibida a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables. A tipoloxía das instalacións deberán armonizar con entorno mediante materiais adecuados e de boa calidade, aspecto estético e bo estado de conservación.

10º.- Todas as súas conduccións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros . Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño. Non se permitirá ningunha conducción de tendido eléctrico que sexa aéreo. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

11º.- O horario habitual será de 10.00 horas ata as 23:00 horas. Os venres, sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos será ata as 24:00 horas, con 30 minutos para desaloxar e pechar o local.

13º.- O incumprimento de calquera destas obrigas causará a anulación inmediata da autorización.

14º.- O feito de optar ás instalacións previstas neste Bando supón a total conformidade do/a solicitante de todos e cada un dos puntos anteriores, obrigándose ao solicitante expresamente ao cumprimento das mesmas; para calquera dúbida na aplicación desta normativa, será competencia do propio Concello de conformidade coa lexislacion vixente.

15º.- **No caso particular de servizos de escola de surf, bodyboard, longboard e paddle surf**, xunto coa documentación indicada no punto 1º, e complementariamente a outra documentación que no ámbito das súas competencias poida esixir o concello, deberá aportar igualmente:

- Certificado de adhesión da escola á Federación Española ou Galega de Surf.
- Documentación acreditativa da titulación do profesorado, acorde coa Resolución 7 de febrero de 2012, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o plan formativo da modalidade deportiva de surf.
- Documentación acreditativa de dispoñer de seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros, así como de seguro de accidentes.
- No caso de actividades de carácter non lucrativo:
 - o Estatutos da entidade no que quede explicitado o devandito carácter non lucrativo.
 - o Certificado da Federación Española ou Galega de Surf no que se acredite que a entidade está debidamente inscrita e que exerce exclusivamente a actividade náutico-deportiva.

Cangas, a 2 de xaneiro de 2018. O Alcalde-Presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850